

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN, PREVENCIÓN E ACTUACIÓN ANTE A PANDEMIA DE COVID-19 PARA O CRD DE OURENSE DURANTE O CURSO 2021-2022

(Versión 5.0 – 20/04/22)

Sinalados cambios sobre a versión anterior





ÍNDICE

A) INTRODUCCIÓN	4
B) DATOS E INFORMACIÓN SOBRE O CENTRO	5
<i>B.1 Datos do centro.</i>	
<i>B.2 Cadro de persoal.</i>	
<i>B.3 Prazas de residentes/colaboradores e distribución.</i>	
C) MEDIDAS DE PREVENCIÓN	6
1 - PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS	6
2 - MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA	9
2.1 Medidas de carácter organizativo.	
<i>A. Creación do Equipo COVID.</i>	
<i>B. Coordinación co centro de saúde de referencia.</i>	
<i>C. Determinación dunha canle de comunicación cos/coas residentes e traballadores/as.</i>	
<i>D. Determinación dunha canle de comunicación coas autoridades sanitarias e educativas.</i>	
2.2 Aforos, espazos de uso non permitido, fluxos de circulación e sinalizacións.	
2.3 Organización de grupos estables de convivencia.	
2.4 Determinación dun espazo de illamento.	
2.5 Xestión do material de desinfección, hixiene e protección.	
2.6 Medidas de relación coas familias e outras persoas alleas ao centro.	
2.7 Medidas específicas para persoal e xestión de supostos de vulnerabilidade.	
2.8 Limitación da estancia inmotivada dos residentes no centro.	
3 - MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	12
3.1 Distancia de seguridade interpersoal.	
3.2 Hixiene respiratoria e uso de máscara.	
3.3 Hixiene das mans.	
3.4 Hixiene da faciana.	
3.5 Material de hixiene e desinfección.	
3.6 Uso de utensilios ou equipos de traballo compartidos.	
3.7 Visitas.	
3.8 Habitacións e baños compartidos: grupos de convivencia estable.	
4 - MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA	15
4.1 Medidas xerais na atención a persoas.	
4.2 Organización das entradas/saídas e da circulación interior.	
4.3 Aforo e medidas específicas de zonas comúns.	
4.3.1 Comedor.	
4.3.2 Biblioteca, sala de ordenadores e salas de estudo.	
4.3.3 Sala de ximnasio e actividades deportivas.	
4.3.4 Sala de xogos e Cinefórum	
4.3.5 Aseos de uso común.	
4.3.6 Lavadoiros de roupa.	
4.3.7 Ascensor e montacargas.	
4.3.8 Outros espazos comúns.	
4.3.9 Equipos de autoservizo.	
4.4 Recomendacións para transporte compartido/colectivo.	
4.5 Recomendacións para actividades de tempo libre.	
4.6 Medidas para a titorización individualizada xeral ou con necesidades especiais	



4.7	<i>Determinacións para a comunicación entre o persoal e para as reunións de docentes, Claustro e Consello de residencia.</i>	
4.8	<i>Limitacións para a realización de eventos extraordinarios.</i>	
5	MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA	21
5.1	<i>Limpeza xeral e ventilación.</i>	
5.2	<i>Limpeza e hixiene no comedor.</i>	
5.3	<i>Limpeza de espazos de illamento e cuartos de casos sospeitosos ou confirmados.</i>	
5.4	<i>Xestión de residuos.</i>	
6	XESTIÓN DOS CASOS	24
6.1	<i>Detección de síntomas..</i>	
6.2	<i>Xestión de casos sospeitosos (sintomáticos).</i>	
6.3	<i>Xestión de casos positivos confirmados ou por autotest.</i>	
6.4	<i>Xestión de contactos estreitos cun caso positivo.</i>	
6.5	<i>Rastrexo e notificación de casos positivos no ámbito educativo.</i>	
	<i>A) Colaboración individual da comunidade do CRD.</i>	
	<i>B) Colaboración do equipo COVID do centro.</i>	
6.6	<i>Xestión de gromos.</i>	
7	PLAN DE FORMACIÓN ESPECÍFICO	26
D)	<u>OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DE RESIDENTES E COLABORADORES/AS</u>	27
E)	<u>ANEXOS</u>	28
	<i>I. Enquisa de autoavaliación clínica sobre a Covid-19.</i>	
	<i>II. Declaración responsable sobre coñecemento do Protocolo COVID do CRD de Ourense, ausencia de risco coñecido de Covid-19 no momento da incorporación, enfermidade superada ou situación vacinal e datos de contacto.</i>	
	<i>III. Plan de continxencia para o curso 21-22 do CRD de Ourense</i>	
	<i>IV. Protocolo da empresa concesionaria de limpeza..</i>	
	<i>V. Protocolo da empresa concesionaria de comedor.</i>	
	<i>VI. Distribución de residentes no comedor escolar. Plano do mesmo.</i>	
	<i>VII. Listado de residentes por habitacións e postos fixos no comedor no CRD de Ourense.</i>	
	<i>VIII. Declaración responsable de coñecemento das medidas de prevención a aplicar por ser caso confirmado/sospeitoso de Covid-19.</i>	
	<i>IX. Declaración responsable para a reincorporación ao centro logo dunha ausencia por contaxio, contacto ou sintomatoloxía compatible coa Covid-19.</i>	

A) INTRODUCCIÓN

Ao abeiro das recomendacións da OMS, da lexislación de ámbito estatal e dos acordos interterritoriais en materia de saúde pública no contexto da pandemia de Covid-19, así como das disposicións legais da Xunta de Galicia, en especial das relacionadas co ámbito educativo; dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional elaborouse nun primeiro momento a "Guía de adaptación ao contexto da Covid-19 dos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21" que serviu de base para a elaboración da "Guía de adaptación das instrucións da Consellería de educación fronte á situación provocada pola Covid-19 aos CRD da Coruña, Ourense e Vigo". Logo dos avances científico-sanitarios dos últimos meses e dos sucesivos cambios na situación epidemiolóxica, para o presente curso a Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional elaborou un novo "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022". Ademais, de maneira conxunta entre os ministerios de Sanidade e de Educación e Formación profesional, publicouse un documento de "Medidas de prevención, hixiene y promoción de la salud frente a covid-19 para centros educativos". Ademais, dende o Servizo médico do CRD séguese as indicacións da Consellería de Sanidade e adáptanse os protocolos sanitarios do Sergas, coas súas sucesivas actualizacións, sempre en coordinación co centro de saúde de referencia.

En consonancia, dende o CRD de Ourense elabórase este protocolo para que sirva de guía definitiva de actuación adaptada ás características e particularidades do centro, de xeito que se aproveiten ao máximo os seus recursos tanto materiais como persoais e se garanta a maior seguridade tanto para as persoas residentes e colaboradoras bolseiras como para o persoal docente e non docente e, indirectamente, de todas as familias e persoas do seu entorno. É fundamental a colaboración de todos para que as medidas individuais e colectivas sexan efectivas.

Todas as medidas hixiénico-sanitarias que se dispoñen neste protocolo contan co respaldo científico e legal exposto anteriormente polo que serán de obrigado cumprimento, residindo na responsabilidade individual a base da seguridade colectiva. En consecuencia, o incumprimento das medidas aquí recollidas pode carrexar a aplicación da normativa sancionadora de réxime interno do centro e/ou a de carácter xeral promulgada polas autoridades competentes en materia de saúde pública. Ademais, en todos aqueles aspectos que non estean recollidos neste protocolo aplicaranse supletoriamente as regulamentacións de réxime interno do centro, sempre que non entren en contradición con outros aspectos recollidos neste protocolo, e/ou complementariamente ou no seu defecto as de ámbito superior anteriormente nomeadas.

Segundo sexa preciso polas actualizacións da evidencia científica e/ou polas conseguintes modificacións normativas segundo o requira a evolución da situación epidemiolóxica, este **protocolo poderá ser modificado seguindo as indicacións das autoridades competentes**. Eses cambios **serán debidamente comunicados a toda a comunidade do CRD de Ourense para garantir o seu coñecemento e cumprimento**.

B) DATOS E INFORMACIÓN SOBRE O CENTRO

B1 DATOS DO CENTRO.

Denominación: Centro Residencial Docente de Ourense

Código: 32990081

Enderezo: Avda. Da Universidade nº18

Código postal: 32005

Localidade: Ourense. **Concello:** Ourense

Provincia: Ourense

Teléfono: 988602165

Correo-e: credo.ourense@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/credoourense/>

B2 CADRO DE PERSOAL.

- **Persoal docente (equipo directivo e titores) = 11 persoas.**
- **Persoal non docente (administración, conserxería, lavandería, mantemento e médico) = 9 persoas.**
- **Persoal da empresa externa de limpeza = 17 persoas.**
- **Persoal da empresa externa de mantemento = 2 persoas.**
- **Persoal da empresa externa de xestión do comedor escolar = 7 persoas.**
- **Persoal da empresa externa de seguridade = 2 persoas.**

- **Total de traballadores = 48 persoas.**

B3 PRAZAS DE RESIDENTES/COLABORADORES E DISTRIBUCIÓN.

- **Residencia Monterrei:**
 - 1ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño).
 - 2ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño).
 - 3ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño)

 - **Total residencia Monterrei = 99 residentes (33 dormitorios / 18 baños)
+ 3 colaboradores/as (3 dormitorios / 3 baños)**

- **Residencia Ribeiro:**
 - 1ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño).
 - 2ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño).
 - 3ª planta – 33 residentes (11 dormitorios / 6 baños) + 1 colaborador/a (1 dormitorio / 1 baño)

 - **Total residencia Monterrei = 99 residentes (33 dormitorios / 18 baños)
+ 3 colaboradores/as (3 dormitorios / 3 baños).**

- **Total de residentes: 198 (66 dormitorios / 36 baños).**

- **Total de colaboradores/as: 6 (6 dormitorios / 6 baños).**



C) MEDIDAS DE PREVENCIÓN

1 - PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS.

Os virus son uns microorganismos formados por material xenético envolto por unha cuberta que precisan de utilizar os mecanismos biolóxicos das células dun hospedador para sobrevivir e multiplicarse. De non ser así inactivanse co paso do tempo de maneira variable segundo as condicións ás que se expoña. Cando un virus se reproduce nun organismo é susceptible de sufrir mutacións (cambios aleatorios) no seu material xenético que den lugar a novas variantes, algunhas das cales poden ver alterada a súa capacidade de infectar e/ou a gravidade dos seus efectos sobre o hóspede. Canto maior sexa o nivel de contaxios maior será a posibilidade de que aparezan estas novas variantes.

Existen multitude de familias de virus entre as que se atopan os coronavirus, que habitualmente causan infeccións respiratorias, xeralmente leves, e circulan entre os animais e as persoas, podendo nalgúns casos pasar dunhas especies a outras. Exemplos destes saltos son o SARS (China, 2002, dende os morcegos) e o MERS (Oriente medio, 2012, dende os camelos). O SARSCov-2 é un coronavirus que se detectou por primeira vez en China en decembro de 2019. A evidencia científica actual apunta a que puido contaxiarse dende os morcegos, podendo existir un vector intermedio coma o pangolín. Tense detectado que algunhas outras especies animais son susceptibles de contaxiarse con este virus, sen atoparse polo momento casos de transmisión dende eles cara os humanos, mais deben evitarse estas situacións coa fin de que non se conviryan en reservorios (grupos nos que o circula o virus) nos que se poidan xerar novas variantes. A enfermidade causada por este virus, tanto nas súas formas leves como nas máis graves, denomínase Covid-19.

A súa forma de transmisión principal é en gotas microscópicas que se expulsan polas vías respiratorias, nariz e boca, ao falar, tusir ou esberrar. Estas gotas precipitan ao chan a unha distancia aproximada de 1-1,5 metros e non quedan suspendidas no aire de maneira significativa. Ademais, é posible a transmisión por vía aérea mediante aerosois que poden permanecer suspendidos no aire, aínda que non existe evidencia clara do tempo que duraría esta suspensión nin do potencial da transmisión por esta vía. En ambos casos, gotas e aerosois, a súa forma de entrada directa no organismo é tamén polas vías respiratorias e as mucosas dos ollos. Ademais da entrada directa por estas gotas e aerosois, aquelas que se depositan en superficies ou na pel supoñen outra vía de contaxio por contacto cando nos contaminan directamente, se tocamos a unha persoa infectada ou, en menor medida, se tocamos unha superficie ou obxecto contaminados e a continuación levamos as mans á cara, especialmente se é de forma directa á boca, o nariz ou os ollos. Esta vía de transmisión vese mermada co paso do tempo posto que, en función do material onde se deposite, o virus inactivarase en cuestión de horas (papel ou cartón) ou días (plástico ou metal).

A transmisión evitase principalmente con medidas de hixiene respiratoria (uso de máscara hixiénica preferiblemente certificada, cirúrxica ou FFP2 sen válvula; e tusir ou esberrar sobre un pano desbotable ou a flexura do cóbado sen retirar a máscara) e distanciamento social (evitar na medida do posible actividades en grupos grandes, en espazos pechados e as aglomeracións), pero tamén con hixiene de mans (lavado de mans frecuente con auga e xabón ou, no seu defecto con solución hidroalcohólica; evitar tocar obxectos de xeitos innecesario e evitar tocar a cara coas mans; mais o uso de luvas non está recomendado) e hixiene do entorno (lavado de superficies e obxectos de uso compartido con produtos virucidas ou dilucións de lixivia ou auga oxixenada).

Os **grupos de convivencia estable** fórmanos aquelas persoas que conviven xuntas e que polo tanto non usan máscara nin manteñen separación, así como aquelas que pola imposibilidade de tomar estas medidas de maneira axeitada se considera que manteñen contacto estreito de xeito continuado e polo tanto non están obrigadas a cumprir con elas.

Actualmente considérase **contacto estreito** de risco para a infección ter estado nas últimas 48 horas cunha persoa con infección confirmada a menos de 2 metros de distancia e durante máis de 15 minutos acumulados en 24 horas, con maior risco de tratarse dun espazo pechado, especialmente se non conta coa axeitada ventilación, e/ou se non se pode garantir ter realizado un uso correcto da máscara. Como a transmisión previa é posible, estas dúas últimas circunstancias deben valorarse á hora de determinar o risco dos que **se pode considerar contactos de menor risco** que deban ser estudados, ben sexa por non cumprir completamente os criterios de contacto estreito en tempos-distancia e/ou por terse producido entre os 3 e 7 días previos. No caso dos **contactos no ámbito educativo**, non se considerarán como estreitos aqueles que cumpran os criterios pero nos que se poida garantir ter realizado un uso correcto da máscara.

Unha vez o virus penetrou no organismo pode causar unha infección que pode cursar sen síntomas perceptibles ou producir dende cadros leves con **síntomas** coma tose seca, febre ($T^a > 37,5$), dificultade respiratoria, cansazo, dores musculares, perda de olfato, perda de gusto, dor de gorxa, diarrea ou "catarro"; ata cadros graves como neumonía e outros procesos que poden rematar no falecemento. Quen presente estes síntomas poderá considerarse **caso sospeitoso**.

A **proba de diagnóstico** coa que considerar o **caso confirmado** é a detección de antixenos (partes concretas do virus) mediante as técnicas de PCR (en sintomáticos ou contactos) ou test rápido antixénico (en sintomáticos ou cribados con alta sospeita) realizada en secrecións do tracto respiratorio superior, preferentemente nasofarinxe, a través do nariz e, de ser preciso, da boca. Estas probas poden resultar negativas, especialmente o test rápido antixénico, durante o período de incubación por non existir aínda unha carga vírica (cantidade de copias do virus) suficiente para ser detectada. Como calquera proba pode proporcionar falsos negativos e positivos (sendo estes últimos extremadamente raros), aínda que a súa fiabilidade é moi elevada, sempre e cando a mostra se recollese e procesase axeitadamente. As autoridades sanitarias competentes poderán habilitar a utilización de estes ou outros tipos test para esta fin cando o consideren axeitado e necesario segundo a situación epidemiolóxica, determinando en que casos se poderán realizar a modo de autotest así como a súa validez como métodos de diagnóstico confirmado.

Son **factores de risco para padecer un cadro grave** ter máis de 60 anos, inmunodeficiencia e/ou cancro en tratamento activo, **mais tamén** poden ter relevancia obesidade mórbida, diabetes, hipertensión ou outras enfermidades cardiovasculares, enfermidade pulmonar crónica, enfermidade hepática crónica severa, insuficiencia renal crónica e/ou estar embarazada

O **período de incubación** durante o cal o virus se reproduce no corpo ata poder causar síntomas e/ou resultar contaxioso, segundo a evidencia científica actual, é de arredor de 3-5 días, durante os cales a posibilidade de contaxiar a outras persoas é baixa pero non nula. **A duración dos cadros** de Covid-19 leve ou moderado é de arredor dun máximo de 7-10 días, durante os cales a persoa pode contaxiar a outras. Nos casos sintomáticos considérase que o **período con máis capacidade de contaxio** desaparece **transcorridas alomenos 24 horas** da desaparición dos síntomas. A complexidade reside nos casos asintomáticos ou con síntomas mois discretos, coma os cadros catarrais, nos que é difícil determinar o momento de contaxio, o período de incubación e o período de eliminación dos virus; posto que aínda que non existan síntomas si se mantén a contaxiosidade, é dicir, que un caso asintomático pode exercer de diseminador do virus sen ser consciente.



A **corentena** é o período de illamento, que debe gardar un caso confirmado (7 días dende inicio de síntomas ou diagnóstico no seu defecto, cun mínimo de 24 horas sen síntomas) para garantir que non se produzan máis contaxios. Estarán **exentos de realizar corentena** os casos positivos e contactos non vinculados a un ámbito vulnerable, estén ou non vacinados, mais si se recomenda tomar estritas medidas de prevención durante 10 días (evitar contacto con persoas vulnerables, usar máscara en todo momento, reducir interaccións sociais...etc). O cómputo dos prazos realízase contando como "día 1" o primeiro día completo tralo último contacto estreito, o inicio dos síntomas ou a proba diagnóstica positiva; e todas as medidas deberan manterse ata o último día do prazo incluído.

Un **gromo** (tamén coñecido como abrocho ou surto) é a aparición de varios casos con vínculo de contaxio entre eles, mais so se considerarán como tal cando pertencen a un ámbito vulnerable. Considérase que existe transmisión comunitaria cando non se consegue identificar o vínculo de contaxio entre múltiples casos e/ou **gromos**.

Non existe un **tratamento** específico para a enfermidade, mais está recentemente autorizado o uso de antivirais que resultan útiles para tratar os casos graves xunto cos demais tratamentos que xa se viñan utilizando para as complicacións derivadas da infección que son as que na meirande parte dos casos provocan unha evolución máis grave.

A **curación** prodúcese cando os mecanismos inmunolóxicos permiten eliminar o virus, principalmente mediante a produción de anticorpos, chamado inmunoglobulinas, con efecto agudo (IgM, aos 4-5 días da infección) e con efecto a longo prazo (IgG, aos 7-10 días da infección), aínda que se descoñece o **período de inmunidade** que confiren estes últimos, mais os estudos realizados ata o momento indican que a inmunidade mediante células de memoria é de longa duración, alomenos dun ano. O risco de reinfección é baixo durante os **30** días posteriores á curación.

Os test serolóxicos rápidos permiten coñecer se a persoa estivo en contacto recente ou remoto co virus mediante a detección destes anticorpos nunha mostra de sangue. A súa fiabilidade é alta, mais poden presentar falsos positivos e, especialmente, falsos negativos, neste caso debido a un baixo nivel de anticorpos, o cal non rebaixa a eficacia da inmunidade. Na actualidade non se consideran probas válidas para o diagnóstico e tampouco para determinar un contacto recente en persoas vacinadas, posto que xa contan con anticorpos creados trala vacinación.

Xa está moi avanzado o proceso de **vacinación**, cuxa administración se priorizou en base ao risco de exposición por motivos profesionais, ao rango de idade e a determinados factores de risco individuais. Todas as vacinas comercializadas contan con estudos clínicos previos que avaliaron a súa eficacia e seguridade, sendo estas elevadas, e mantense ademais unha estrita vixilancia por parte das autoridades sanitarias sobre o seu uso sen terse observado con ningunha delas reaccións adversas significativas en relación ás persoas non vacinadas, moito menos se se comparan cos efectos, mortalidade e secuelas da infección. As vacinas dispoñibles reducen drasticamente o risco de enfermidade grave e morte así como a contaxiosidade das persoas infectadas, mais non resultan esterilizantes (non eliminan completamente a posibilidade de resultar contaxiado) polo que mentres non se acade un nivel de cobertura vacinal moi alto non se poderán abandonar as medidas básicas de prevención dos contaxios. Ademais, a aparición de novas variantes con maior potencial de contaxio fai aínda máis necesario o mantemento destas medidas e eleva o nivel de cobertura vacinal necesario para reducir a incidencia do virus a niveis que garantan a estabilidade do sistema sanitario. A administración de reforzos pode ser recomendable segundo o establezan as autoridades sanitarias.

2 - MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

2.1 Medidas de carácter organizativo.

A. Creación do Equipo COVID:

O centro contará cun equipo de coordinación das medidas e actuacións en materia de Covid-19 que debe estar integrado pola persoa titular da dirección ou aquela en quen delegue, o/a xefe/a de residencia e o/a médico/a.

A persoa titular da dirección será a responsable do equipo COVID e asumirá a coordinación e interlocución co Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia integrado por membros das Consellerías de Educación e de Sanidade, que actuará como elemento básico de coordinación e adopción de decisións.

O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

- **Teléfonos de contacto co equipo:** 988602165 / 608979086
- **Membro 1:** Francisco Javier García Gómez (Director do CRD)
- **Suplente:** María Eugenia Basanta Leitón (Xefa de residencias)
- **Tarefas asignadas:**
 - Nomear membros e suplentes no equipo COVID.
 - Difusión da información ao Claustro.
 - Coordinación e planificación dos aspectos organizativos do centro.
 - Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia.
 - Xestión de casos e gromos entre o persoal do centro.
 - Coordinación do equipo COVID.
 - Xestionar a adquisición de material de protección necesario.
 - Comunicación de casos.
- **Membro 2:** María Eugenia Basanta Leitón (Xefa de residencias).
- **Suplentes:** Margarita Conde Valladares (Directora de residencia Monterrei) e Ana Rosa Rodríguez Cid (Directora de residencia Ribeiro).
- **Tarefas asignadas:**
 - Elevar as propostas do equipo docente.
 - Coordinar as entradas e saídas dos residentes.
 - Difusión da información aos residentes e ás familias.
 - Difusión da cartelería e das pegadas Coronavirus.
 - Difusión da información ás familias.
 - Difusión da autoenquisa ás familias.
 - Xestión da atención educativa en caso de gromos.
- **Membro 3:** Alberto Fernández Martínez (Médico do CRD).
- **Suplente:** Asumirá as funcións non sanitarias o/a membro 1 (ou en quen delegue).
- **Tarefas asignadas:**
 - Asesoramento sanitario nos aspectos organizativos do centro.
 - Colaborar na interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia.
 - Atención, xestión e comunicación de casos entre residentes.



- Colaboración na xestión de casos entre o persoal do centro.
- Difundir a información aos residentes e ás familias.
- Colaborar na xestión do material de hixiene, limpeza e protección.

B. Coordinación co centro de saúde de referencia:

O/A director/a e o/a médico/a do centro serán os interlocutores co centro de saúde de referencia asignado pola Consellería, o Centro de Saúde A Cuña, en concreto co persoal do mesmo que sexa destinado a esta fin.

C. Determinación dunha canle de comunicación cos/coas residentes e traballadores/as:

Dende o *equipo directivo, equipo COVID e servizo médico do centro*, realizaranse as *comunicacións colectivas mediante a aplicación móbil TokApp que todos/as deberán ter instalada nos seus dispositivos*. Evitarase en todo caso o uso de papel.

As comunicacións individuais de carácter non urxente poderán realizarse pola mesma vía, mais as de carácter urxente realizaranse de maneira preferente mediante chamada telefónica ao número persoal facilitado ao centro. Tamén se evitará o uso de papel.

Os/as residentes, familiares e traballadores/as que precisen comunicarse co centro realizarano preferentemente de xeito telefónico dirixíndose aos membros do Equipo COVID mediante o teléfono do centro (988602165). De non ser posible esta vía de comunicación poderán facelo mediante o correo electrónico credo.ourense@edu.xunta.gal, mais de non recibir resposta nun tempo prudencial deberán tentar de novo a vía telefónica.

D. Determinación dunha canle de comunicación coas autoridades sanitarias e educativas:

Cando o Equipo COVID reciba un aviso dunha incidencia valorará a necesidade da súa comunicación ás diferentes autoridades segundo indiquen os protocolos de actuación superiores e así se recolla non Plan de Continxencia do centro:

- Central de Seguimento de Contactos (CSC)
- Xefatura territorial de sanidade ou Servizo de vixilancia epidemiolóxica
- Servizo de alerta epidemiolóxica de Galicia
- Xefatura territorial de educación
- Servizo territorial de inspección educativa.

2.2 Aforos, espazos de uso non permitido, fluxos de circulación e sinalizacións.

Todos os espazos deberán ter sinalizado de xeito visible o aforo e ordenación dos fluxos de circulación. Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir e con sinalización no chan indicando a obrigatoriedade de manter a distancia de seguridade. En tódalas zonas comúns deberán existir carteis indicativos do aforo máximo permitido. Deberán sinalizarse tamén aqueles espazos ou elementos de uso restrinxido.

Nas zonas onde se realice lavado de mans deberá existir cartelería con información sobre a obrigatoriedade do lavado das mans para entrar/sair do centro e do comedor e outra con instrucións de como debe facerse ese lavado de maneira axeitada.

De maneira xeral, a cartelería informativa será a oficial facilitada polas autoridades, que poderá ser adaptada ás características e necesidade do centro. Ademais poderase dispoñer de catelería propia ou encargada a un provedor externo.

2.3 Organización de grupos estables de convivencia.

A disposición dos dormitorios e baños nas plantas (cada 2 dormitorios comparten un baño, agás un cuarto con baño propio en cada planta) esixe que os compañeiros de cuarto e baño sexan considerados como grupo de convivencia estable.

As directoras de residencia, xunto coa xefa de residencias, realizarán a asignación de cuartos aos/as residentes, na medida do posible, seguindo a seguinte orde de criterios: mesma aula no centro educativo, mesma etapa/ciclo formativo e mesmo centro de estudos.

Os colaboradores constituirán un grupo de convivencia estable entre eles.

2.4 Determinación dun espazo de illamento e realización de probas diagnósticas.

De presentarse un caso confirmado de Covid-19 o illamento preventivo realizarase na zona de enfermaría baixo a supervisión do servizo médico. Ademais manterase dispoñible exclusivamente para a realización, de ser preciso, de test rápidos antixénicos un espazo equipado e que permita unha axeitada ventilación, o **cuarto nº113 da Residencia Ribeiro**.

- **Nº de cuartos/camas de illamento:** 2 cuartos dobres e 1 cuarto triple.
De ser necesario por necesidade urxente poderán habilitarse de maneira excepcional outros cuartos sen residentes asignados.
- **Servizos nos cuartos de illamento:** Baño propio completo en cada cuarto con dispensador de xabón de mans, dispensador de panos desbotables e papeleira con tapa e pedal.
- **Material no espazo de realización de test:** EPI axeitado, dispensador de solución hidroalcohólica, dispensador de panos desbotables e papeleira con tapa e pedal.

2.5 Xestión do material de desinfección, hixiene e protección.

O **médico do centro deberá realizar un rexistro e inventario do material específico** para esta situación do que dispón o centro; así como a súa custodia e distribución entre o persoal e residentes que o requiran.

Ademais, deberá asesorar ao equipo directivo na súa adquisición, sendo este o responsable da mesma.

2.6 Medidas de relación coas familias e outras persoas alleas ao centro.

As comunicacións ordinarias realizaranse preferentemente polas canles telemáticas que viñan sendo habituais, incluída a Web do centro, evitando na medida do posible o uso de papel e especialmente os encontros presenciais.

As comunicacións urxentes coas familias realizaranse de maneira preferente por vía telefónica.

A comunicación cos centros docentes realizarase preferentemente por medios telemáticos, ben sexa por teléfono ou por correo-e, evitando na medida do posible o uso de papel e especialmente os encontros presenciais.

2.7 Medidas específicas para persoal e xestión de supostos de vulnerabilidade.

Os/as traballadores que presenten factores de risco para enfermidade grave por Covid-19 deberán seguir o procedemento da guía para centros educativos non universitarios para a



comunicación e valoración da súa condición. Dende o centro, dentro das súas posibilidades, facilitarase toda a información e facilidades que sexa posible para unha correcta tramitación.

2.8 Limitación da estancia inmotivada dos residentes no centro.

Como xa estaba regulado na normativa de réxime interno do centro, pero aínda de maneira máis estrita pola situación actual e coa intención minimizar a presenza innecesaria de persoas no centro, **non se permite a estancia e pernocta no centro residencial das persoas residentes que non teñan actividade lectiva presencial, independentemente do motivo de suspensión da mesma.** De ser o caso, deberán abandonar o centro á maior brevidade posible e ata que se reanude dita actividade. Mentres esta situación de inactividade se manteña deberán regresar ao domicilio familiar, evitando a estancia en domicilios alleos ao núcleo de convivencia habitual.

3 - MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

As persoas residentes e, en xeral, todas as usuarias das instalacións dos centros residencias docentes, deberán respectar as seguintes medidas xerais de prevención:

3.1 Distancia de seguridade interpersonal.

Na medida do posible, recoméndase manter unha distancia de 1,5-2 metros, ou na súa falta, medias alternativas de protección física, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

3.2 Hixiene respiratoria e uso de máscara.

De maneira xeral, **non é obrigatorio o uso de máscara.**

No caso de ser necesario o seu uso segundo estableza a normativa sanitaria e/ou a regulamentación interna do CRD, a máscara **deberá cubrir dende parte do tabique nasal ata o queixo, este incluído.** Así mesmo, as persoas usuarias deberán poñela e sacala, gardala nos momentos da comida e substituíla e lavala de acordo cos criterios de correcto manexo, sempre agarrándoa polas gomas/cordóns e evitando en todo momento tocala pola parte filtrante. Ademais, será **obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico,** de xeito preferente de papel ou tea, para gardar a máscara que se está a usar en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Ao tusir ou esbirrar tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre sen retirar a máscara e arredándose do resto das persoas.

O **persoal do CRD de Ourense,** atendendo ao seu carácter exemplarizante, **empregará en a máscara durante a súa xornada de traballo cando así esté indicado** segundo o establecido na regulación de prevención de contaxios no ámbito laboral **e/ou na regulamentación interna do CRD.** Así mesmo, o persoal docente fará cumprir ao alumnado a utilización e uso correcto da mesma. No caso de que algún membro do persoal do CRD de Ourense de maneira intencionada **non utilice a máscara ou non o faga de maneira axeitada segundo as indicacións previas, poñendo calquera tipo de escusa para esa conducta, a Dirección poderá dar traslado inmediato do feito á inspección educativa.**

As máscaras recomendadas para uso xeral en persoas sen sintomatoloxía no contexto actual son as **hixiénicas reutilizables**, que **deben cumprir coas especificacións da norma UNE 0065:2020**, o cal deberá estar especificado na súa etiquetaxe e/ou envoltorio; ou ben as máscaras cirúrxicas que deberán cumprir coas especificacións da norma UNE-EN 14683:2019, mais o uso destas últimas será obrigatorio en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19 **ou ter mantido contacto estreito cun positivo**. As máscaras autofiltrantes (tipo FFP2, KN95 ou N95), que cumpren coa norma UNE-EN 149:2001+A1:2010, son tamén de uso recomendado, **nas mesmas situacións nas que as cirúrxicas son de uso obrigado**.

Ademais, o CRD de Ourense disporá dunha **reserva de emerxencia de máscaras cirúrxicas e filtrantes para a súa utilización en circunstancias especiais** e que será xestionada polo Equipo COVID, máis concretamente polo médico do centro.

3.2.1 Lavado de máscaras hixiénicas reutilizables.

O lavado **frecuente e correcto** das máscaras hixiénicas reutilizables é **obrigatorio**. É fundamental seguir as instrucións sinaladas na etiquetaxe ou no envoltorio que acompaña á máscara hixiénica, nas cales deberá constar cantas veces poden reutilizarse sen perder as súas propiedades e como deben lavarse para garantir a súa seguridade. O máis habitual é que o fabricante ofrezca a información para o lavado a máquina, máis recomendable que o lavado a man.

- **Precaucións xenéricas:**

1. Se é posible, airear a máscara varias horas antes de lavala e sempre evitando o contacto con ela ou a súa exposición a correntes directas de aire.
2. Non empregar lixivia porque podería afectar ás características do tecido.
3. Só empregar suavizante bactericida na última enxaugadura e sempre que sexa sen colorante. No caso de non ser bactericida ou ter colorante non utilizar suavizante.
4. Só utilizar prelavado se o tecido incorpora manchas ou suciedade que se fixaría coa temperatura de lavado. En caso contrario non é necesario realizar o prelavado.
5. Utilizar alto nivel de auga no lavado.
6. Establecer unha temperatura de lavado non inferior a 60°C.
7. Empregar preferentemente deterxente líquido cun pH neutro ou lixeiramente alcalino.
8. No lavado a máquina o tempo de centrifugado estará condicionado ás características da máquina lavadora.

3.3 Hixiene das mans.

Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante polo menos 40 segundos ou, no seu defecto, con solucións hidroalcolicas durante polo menos 20 segundos.

O lavado realizarase obrigatoriamente á entrada e saída do centro, antes e despois de comer, ao entrar e saír do cuarto, antes e despois de estar nunha sala común e/ou usar material compartido ou susceptible de ser compartido, despois de tocar obxectos con posibilidade de estar contaminados, e sempre despois de tocar secrecións respiratorias ou de ir ao aseo.

Considerase pouco recomendable o uso de luvas pola falsa seguridade que pode transmitir. O seu uso limitase ao persoal de limpeza no momento de utilizar sustancias abrasivas para a pel e sempre realizando unha correcta retirada para evitar contaminacións.

3.4 Hixiene da faciana.

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca xa que as mans facilitan a transmisión do virus.



3.5 Material de hixiene e desinfección.

Disporase de 55 dispensadores de xabón de mans xunto con 55 portapanos desbotables nos cuartos de baño.

Ademais existen 30 dispensadores de solución hidroalcohólica nas entradas ao centro, nas plantas das residencias e nos corredores e espazos de uso compartido.

Tamén se facilita *material para a desinfección de obxectos e material de uso compartido que estará sinalizado como "Punto de desinfección", 22 en total repartidos polo centro.*

3.6 Uso de utensilios ou equipos de traballo compartidos.

Minimizárase o seu uso na medida do posible mais, cando sexa necesario facelo, a persoa que use utensilios ou equipos de traballo que estean a disposición de outros/as traballadores/as ou residentes, en canto remate coa súa utilización **recoméndase que os hixienice** adecuadamente antes de que os poida utilizar outra persoa. Ao rematar de usar un ordenador de uso compartido, cada persoa usuaria **recoméndase que limpe** a superficie do teclado, do rato e da pantalla con produto desinfectante.

Cando sexa necesario o empréstito ás persoas residentes de material médico este deberá ser indicado polo propio médico do centro. Cando este material estea gardado a disposición do equipo docente serán este persoal quen o facilite ás persoas residentes trala indicación médica, mais no momento da súa devolución a persoa residente deberá entregarllo ao médico para verificar o seu estado e, **de ser necesaria**, realizar a necesaria desinfección.

3.7 Visitas e recepción de mercadorías.

Non se permite o acceso ás instalacións do centro a ningunha persoa que non sexa persoal traballador, colaborador bolseiro, persoa residente, persoal das empresas de servizos ou persoa usuaria do servizo de comedor; podendo neste último caso acceder só ao comedor e só no horario específico para comensais externos ao CRD.

Para a recepción de mercadorías, así como envíos postais ou de paquetería, o transportista poderá acceder ao centro tan só ás zonas de entrada ou de carga, durante o tempo imprescindible e respectando as normas xerais de hixiene, sempre evitando na medida do posible manipular obxectos ou material do centro. A embalaxe da mercadoría e envíos recibidos deberá ser desinfectada e/ou retirada antes da súa manipulación ou almacenaxe.

3.8 Habitacións e baños compartidos: os grupos de convivencia estable.

As persoas que compartan habitación e/ou baño conforman un grupo de convivencia estable que pode socializar sen ter que manter a distancia de interpersonal de forma estrita.

No *interior das habitacións e nos baños destas non será necesario o uso de máscara.* Estas dependencias deberán estar recollidas para facilitar a súa limpeza.

Permítese a entrada aos dormitorios de persoas que non sexan do grupo de convivencia estable, mais deberase prestar atención e respectar a vontade daqueles residentes que non o desexen.

4 - MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

Das diversas instalacións do centro que habitualmente estiveron destinadas ao uso das persoas residentes, durante o curso 2021/22 **só se utilizarán os espazos comúns que se recolla no presente protocolo.**

4.1 Medidas xerais na atención a persoas.

As zonas onde poden permanecer as persoas están debidamente sinalizadas para facilitar o cumprimento do aforo e o mantemento da distancia de seguridade.

Nas mesas e mostradores de atención ao público deberá respectarse a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas usuarias e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección como barreiras, **cuxa colocación/retirada determinará o Equipo COVID en función da situación epidemiolóxica e normativa vixente en cada momento.**

Os trámites administrativos realizaranse **preferentemente** con cita previa e evitando o intercambio de papel.

Se o tipo de atención prestada require de compartir espazo por varias persoas de maneira prolongada, reorganizaranse na medida do posible o mobiliario e os elementos de uso común de forma que se garanta a máxima distancia de seguridade interpersonal segundo as características da atención a realizar. En todo caso, son sempre **recomendables** o uso de máscara, o mantemento das adecuadas medidas de hixiene e etiqueta respiratoria e, sempre que sexa posible, maximizar a distancia entre persoas e manterase a estancia ventilada. Evitarase tamén na medida do posible compartir obxectos ou materiais entre distintas persoas e, no caso de ser imprescindible, **recoméndase** desinfectalo antes de intercambialo. No caso de que coa fin de realizar atención a distintas persoas consecutivamente se requira da **utilización do mesmo posto en quendas distintas, xa sexa por diferentes membros do persoal ou diferentes persoas receptoras da atención, deberase ventilar a estancia alomenos 5 minutos e recoméndase limpar e desinfectar as superficies de traballo, equipos e materiais de uso común antes de cada cambio de usuario.**

4.2 Organización das entradas/saídas e da circulación interior.

Deben evitarse, **na medida do posible e cando non sexa necesario**, as aglomeracións de persoas tanto no exterior coma no interior do centro.

As entradas e saídas do centro realizaranse polas portas habilitadas en cada residencia segundo a pertenza do/a residente á mesma. Nelas existe sinalización que indica a marxe destinada á entrada e á saída. Cada residente deberá facer uso da súa tarxeta de acceso persoal para proceder á entrada e saída do centro.

A circulación polos corredores e escaleiras deberá realizarse **preferiblemente** respectando a sinalización da dirección dos fluxos, de maneira xeral circulando pola dereita. Cando non se poda manter a distancia de seguridade deberase ceder o paso cunha distancia prudencial.

Polo xeral utilizaranse as escaleiras, reservando os ascensores/elevadores só para aqueles casos nos que sexa estritamente necesario o seu uso e sempre seguindo as indicacións establecidas no correspondente apartado deste protocolo.



4.3 Aforo e medidas específicas de zonas comúns.

Todos os espazos de uso común terán sinalizado o aforo máximo recomendado, agás en comedor, ximnasio, biblioteca, sala de ordenadores, salas de estudo, ascensor e montacargas; nos que será obrigatorio, e neles deberán de respectarse as normas de aplicación exclusivas para esas zonas.

4.3.1 Comedor.

Non está permitido o seu uso a persoas suxeitas a medidas especiais de prevención por estar contaxiado de Covid-19.

Antes de comezar cada servizo realizarase desinfección xeral das superficies de traballo así como ventilación, sendo esta última tamén recomendable durante o mesmo.

Antes e despois de facer uso do comedor deberá realizarse axeitada hixiene de mans. Na liña de autoservizo todos os usuarios procurarán manter a distancia interpersoal de 1,5 metros entre eles, independentemente de que constitúan ou non un grupo de convivencia estable. Respectarase en todo momento o aforo e a sinalización de fluxo de circulación (entrada e saída por portas diferentes).

O uso do comedor organizase de tal xeito que non se precisan quendas pechadas pero os residentes sentarán en postos fixos asignados por cuarto, polo que **só poderán comer na mesma mesa os membros dun grupo de convivencia estable**. Ademais, garántese entre os comensais unha separación ampla e sen encaramentos polo que deberá respectarse o lugar sinalado para a colocación das cadeiras. Excepcionalmente, de ser estritamente necesario e sempre baixo criterio do Equipo COVID, poderán compartir mesa persoas de diferente grupo de convivencia estable mais en todo caso terán asignado un posto fixo e deberá garantirse unha separación de 1,5 metros medida entre o centro das cadeiras e sentados en oblicuo ou, no seu defecto, deberá facerse uso de mamparas de separación. A separación entre as mesas de distintos grupos deberá tamén garantir o axeitado distanciamento entre os comensais.

A estancia no comedor limitarase o máximo posible ao tempo necesario para recoller a comida, inxerila e recoller a mesa.

Permitirase o uso dos microondas, tostadores e termos de leite dispoñibles, mais respectando as indicacións de manexo e hixiene, coma o lavado de mans, que os acompañarán. **Non se poderá levar á mesa elementos de uso compartido** como saleiro, aceiteira, azucreira, vinagreira o similares. A auga dispoñible na mesa deberá servila só unha persoa do grupo en cada servizo de comida.

4.3.2 Biblioteca, sala de ordenadores e salas de estudo.

Non está permitido o seu uso a persoas suxeitas a medidas especiais de prevención por estar contaxiado de Covid-19.

Estes espazos teñen un aforo sinalizado do 50% da súa capacidade, podendo ser reducido ou ampliado se a dirección do centro e/ou o equipo COVID o consideran necesario, sempre dacordo ao establecido de maneira xeral para as bibliotecas públicas, e se garante o mantemento da distancia de seguridade interpersoal ou a separación con barreiras axeitadas.

Os postos que poden ser utilizados están sinalizados, como forma de garantir a distancia interpersoal de seguridade e evitando encaramentos, e **ao rematar o seu uso as persoas**

usuarias recoméndase que hixienicen os postos que ocupasen e, de ser o caso, o medio tecnolóxico que utilizasen cos produtos facilitados no Punto de desinfección.

Nestes espazos realizaranse as actividades ordinarias propias do servizo coa regulación específica que determine a dirección do centro. Neles, as persoas usuarias poderán facer uso dos medios tecnolóxicos propios de que dispoñan. No caso de préstamo de libros ou doutro material, unha vez devolto recoméndase, en función das demanda e dispoñibilidade, que permaneza identificado e illado ata o día seguinte ou, de non facelo, prestar especial atención á hixiene de mans.

4.3.3 Sala de ximnasio e actividades deportivas.

Permitese a realización de actividade física no interior do centro exclusivamente na **sala de ximnasio, mais esta poderá permanecer pechada segundo criterio do Equipo COVID do centro** en atención ás indicacións das autoridades sanitarias nas restricións xerais vixentes en cada momento en función da situación de risco epidemiolóxico na zona.

Non está permitido o seu uso a persoas suxeitas a medidas especiais de prevención por estar contaxiado de Covid-19.

O uso da sala de ximnasio deberá facerse seguindo **estrictas medidas de prevención**, ademais das xenéricas establecidas para todas as zonas comúns do centro e **o seu incumprimento poderá ser motivo da súa clausura de forma temporal ou permanente**, así como da corresponden sanción ás persoas incumplidoras.

Recoméndase o uso de máscara cirúrxica desbotable tralo exercicio ou, no seu defecto, hixiénica reutilizable sempre que conte con certificación e sexa mudada e lavada tralo exercicio . A sala poderá usarse en **quendas de 55 minutos previamente reservadas** e autorizados polo persoal do centro e sempre nos horarios que estableza o equipo directivo. **A ocupación máxima da sala será de 4 persoas** segundo estará sinalizado na entrada da mesma, debendo manter **en todo momento a porta aberta** coa fin de garantir unha axeitada ventilación. Durante o uso dos equipos **recoméndase** manter unha separación ampla de xeito que **entre dous usuarios debe haber alomenos dous equipos baleiros**, debendo para elo coordinarse entre os usuarios de maneira equitativa e respetuosa. **Antes e despois do uso dos equipos as persoas residentes deberán facer limpeza dos mesmos** cos materiais e produtos a disposición nos puntos de hixienización. Ademais, de maneira complementaria realizarase limpeza da sala por parte do persoal de limpeza do centro alomenos dúas veces ao día.

Está permitida a práctica de deporte en grupo ao aire libre no recinto exterior do CRD.

4.3.4 Sala de xogos e Cinefórum

A dirección do centro poderá permitir o uso da Sala de Xogos e do Cinefórum segundo considere oportuno e baixo o criterio do Equipo COVID en atención ás indicacións das autoridades sanitarias nas restricións xerais vixentes en cada momento en función da situación de risco epidemiolóxico na zona.

As persoas que usen estes espazos deberan rexistrarse obrigatoriamente nas follas dispostas para tal fin.

Non está permitido o seu uso a persoas suxeitas a medidas especiais de prevención por estar contaxiado de Covid-19.

Para a **Sala de xogos**, a ocupación máxima **recomendada** será de **20 persoas**, **recomendándose** manter a máxima distancia de seguridade interpersonal posible que permita a realización da actividade e debendo hixienizar os elementos de xogo cos que se manteña contacto directo.

No caso do **Cinefórum**, **recoméndase** a ocupación dun máximo do **50% do aforo**, debendo respectar a sinalización sobre o uso de asentos e realizar hixienización dos mesmos unha vez remate o seu uso.

En ambos casos deberá manterse **en todo momento a porta aberta** coa fin de garantir unha axeitada ventilación.

4.3.5 Aseos de uso común.

O aforo máximo **recomendado** dos aseos das zonas comúns, non vinculados aos dormitorios, está sinalizado segundo a superficie dos mesmos e deberá ser respectado en todo momento.

Persoal e residentes contan con aseos diferenciados.

No caso dos **vestiarios do persoal**, xa sexa propio do centro ou externo, deberá organizarse o seu uso de tal forma que se realice de xeito secuencial e garantindo o cumprimento das indicacións de aforo. En todo caso, o cambio de roupa antes e despois da quenda de traballo deberá realizarse exclusivamente nos vestiarios.

4.3.6 Lavadoiros de roupa.

Os lavadoiros terán un horario de uso e un número máximo de persoas simultáneo **recomendado** debidamente sinalizados e, de consideralo necesario, poderán fixarse quendas ou reservas. Nos **lavadoiros de uso das residentes, colocarse cartelería coas instrucións de utilización**.

Deberán respectarse as indicacións sobre o correcto uso das instalacións e equipos que os acompañarán, así como as de correcta hixienización das máscaras reutilizables.

4.3.7 Ascensor e montacargas.

O seu uso será exclusivo para persoas con dificultade para a mobilidade e aquelas que transporten cargas de difícil carreteaxe a man, quedando excluídas de maneira xeral deste último suposto as equipaxes das persoas residentes. **A ocupación máxima será dunha soa persoa** agás nos casos nos que se faga necesario acompañamento de persoas con discapacidade **ou para a carreteaxe de cargas por parte do persoal**.

No seu uso deberán manterse todas as medidas de prevención xenéricas especificadas neste protocolo. Así, cando se agarde diante da porta á súa chegada manterase unha distancia de alomenos 1,5 metros para facilitar a saída das persoas que puidesen estar no seu interior. Ademais, deberase evitar tocar innecesariamente os elementos da cabina e á hora de manipular os mandos manterase especial atención á hixiene de mans antes e/ou despois do seu uso.

4.3.8 Outros espazos comúns.

A dirección do centro poderá determinar outras condicións de uso ou a súa restrición total no caso de espazos como salas de estar ou de televisión; atendendo ás recomendacións protocolarias xerais e do equipo COVID.

Non está permitido o seu uso a persoas suxeitas a medidas especiais de prevención por estar contagiado de Covid-19.

O aforo sinalizado é **orientativo**, **recomendándose** gardar na medida do posible a distancia de seguridade interpersonal e a sinalización sobre o uso de asentos, non podendo en ningún caso sentarse noutro tipo de mobiliario. De maneira puntual poderán establecerse variacións nestes aspectos en función das necesidades e/ou tipoloxía das actividades a desenvolver.

Está permitido o uso de xogos de mesa ou outros materiais semellantes que impliquen uso compartido sempre que se garanta unha correcta hixiene de mans e etiqueta respiratoria.

4.3.9 Equipos de autoservizo.

De maneira xeral permitirase o uso de máquinas expendedoras. Nelas estará sinalizada a **recomendación** de hixienizar as mans antes e despois do seu uso, para o cal se disporá de dispensadores de solución hidroalcolica ao seu carón. Durante o seu uso **recoméndase** respectar a distancia interpersonal de seguridade, a cal poderá sinalarse no chan no caso de ser preciso polas previsibles aglomeracións. Serán as empresas propietarias dos equipos as encargadas de garantir as súas adecuadas condicións de funcionamento e hixiene xeral.

Permitirase o uso de fontes de auga comúns exclusivamente para o seu uso con vaso ou botella, nunca para beber directamente, e sempre garantindo as medidas básicas de hixiene e prevención de contaxios para o uso de elementos compartidos.

No caso de non poder garantirse un uso seguro dos equipos o centro poderá determinar a restrición total ou parcial da súa utilización.

4.4 Recomendacións para transporte compartido/colectivo.

De ser posible, facer uso del coa menor ocupación posible e evitando aglomeracións mentres se agarda, debendo usar en todo momento a máscara. **Recoméndase** manter distancia de seguridade interpersonal e hixienizar as mans antes e despois do traxecto.

4.5 Recomendacións para actividades de tempo libre.

Recoméndase prestar especial atención ás medidas de prevención de contaxios, na medida do posible, nas reunións de grandes grupos de persoas mais alá do grupo de convivencia estable sen máscara.

Recoméndase tamén, na medida do posible, realizar vida social en espazos abertos ou, de ser necesario segundo a climatoloxía, en espazos pechados amplos e ben ventilados.

4.6 Medidas para realización de titorización individualizada xeral ou de residentes con necesidades especiais.

En consonancia coas medidas para a atención xeral a persoas, na medida do posible reducirase a titorización presencial. Cando sexa necesaria unha intervención pedagóxica deberá realizarse preferentemente de maneira individual, coa menor duración posible, coa maior distancia interpersonal posible, minimizando a estancia en espazos pechados de varias persoas, evitando no posible compartir material e garantindo o cumprimento exhaustivo de todas as demais medidas de seguridade. Deberase en todo caso respectar as seguintes indicacións:



1. A atención educativa e pedagóxica ao alumnado **será preferentemente individualizada, cun horario preestablecido diario e semanal e en espazos destinados para tal fin (Sala de estudo de Monterrei) onde cada residente se sentará nun posto fixo preasignado.** Poderanse realizar actividades en pequeno grupo sempre respectando as medidas xerais de seguridade.
2. **Será obrigatorio o cumprimento das axeitadas medidas de hixiene e etiqueta respiratoria, maximizarase na medida do posible a distancia de seguridade entre persoas e respectaranse todas as medidas de seguridade sinaladas neste protocolo.**
3. **Realizarase ventilación dos espazos a usar alomenos 15 minutos antes e despois da actividade e, a poder ser, tamén durante a mesma.** Ao rematar avisarase ao servizo de limpeza para que limpe e desinfecte o espazo e mobiliario utilizados.
4. **É recomendable limpar e desinfectar as superficies de traballo, equipos e materiais antes de comezar e ao rematar a actividade.**
5. **Evitarase na medida do posible compartir obxectos.** No caso de que fose imprescindible utilizar obxectos de uso común **recoméndase** desinfectalos previamente (con xel, panos húmidos de hixiene, equipos de fumigación...) e proceder ao posterior lavado/desinfección das mans. Se as características do obxecto non permitiran o uso de axentes desinfectantes, cada persoa desinfectará as mans antes e despois de utilizalo.
6. Limitarase ao máximo o **intercambio de documentos en papel.**
7. Realizarase un **rexistro de asistencia do alumnado ao estudo para facilitar o rastrexo de contactos** no suposto de aparición de casos confirmados.
8. Tentarase, na medida do posible, que a intervención educativa sexa estable no tocante ao grupo de residentes e ao persoal docente que a imparta.

4.7 Determinacións para a comunicación entre o persoal e para as reunións de docentes, Claustro e Consello de residencia.

Na medida do posible reduciranse as reunións grupais ao menor número e tempo posible. Cando se realicen deberá ser nun espazo amplo e ventilado que permita o mantemento da **máxima distancia de seguridade interpersonal posible.**

Fomentarase a realización de encontros telemáticos e potenciarase a comunicación ordinaria entre o persoal tamén por medios telemáticos e evitando o uso de papel.

4.8 Limitacións para a realización de eventos extraordinarios.

Poderán realizarse actividades e eventos extraordinarios que supoñan reunións de grupos amplos de persoas, **mais deberán ser valoradas previamente polo Equipo COVID do centro e deberán realizarse preferentemente** no exterior ou en estancias amplas e ventiladas.

5 - MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA E VENTILACIÓN

5.1 *Limpeza xeral e ventilación.*

A empresa concesionaria conta cun protocolo propio de hixiene, limpeza e desinfección seguindo as indicacións das autoridades sanitarias (anexo IV).

O servizo da limpeza das instalacións do Centro Residencial Docente e do IES Universidade Laboral de Ourense é compartido polas dúas institucións. Actualmente o cadro de persoal que presta o servizo depende dunha empresa adxudicataria e está formado por de **17 persoas coa categoría laboral de limpador.**

A normativa e as prescricións técnicas que rexen o servizo veñen recollidas:

- *No prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo*
- *No convenio colectivo do persoal de limpeza da empresa contratista deste servizo no Centro Residencial Docente e o IES Universidade Laboral de Ourense.*

O protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22 mantivo o **cambio profundo no protocolo de limpeza tal como se viña realizando en cursos anteriores, polo que se estableceu un novo (redistribuindo horarios, zonas e tarefas)**. Estas modificacións foron debidamente comunicadas en escrito conxunto dos dous centros ás autoridades competentes e á propia concesionaria. Ademais, o reparto de zonas a limpar e desinfectar tratouse posteriormente cos traballadores no centro.

As tarefas de limpeza estenderanse tamén a zonas privadas do persoal traballador (zonas de descanso, vestiario, taquillas...) e aos postos de traballo de uso compartido.

A limpeza e desinfección dos posto de traballo realizarase ao rematar a xornada ou o cambio de quenda, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo se son empregados por máis dun usuario. Terase **especial atención** nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes (**pomos de portas, mesas, pasamáns, cadeiras, pulsadores...**), debendo realizar nelas unha **limpeza minuciosa**.

A limpeza realizarase sempre con luvas e utilizaranse desinfectantes con actividade virucida como dilucións de lixivia (1:50) ou outros produtos autorizados que se atopen no mercado.

Como xa se viña realizando previamente, realizarase unha distribución horaria e unha asignación de tarefas do persoal de limpeza que garanta o correcto cumprimento das medidas recollidas neste protocolo.

	CRD	IES	Nº de limpadores/as	Horas diarias de cada limpador/a
Horario <i>(de luns a xoves)</i>	8:30 a 13:00 <i>(4.30 horas)</i> <i>Dúas das traballadoras veñen de 8:00 a 12:30, o resto no horario indicado arriba</i>	18:30 a 21:30 <i>(3 horas)</i>	14	7:30 horas
	17:00 a 20:00 <i>(3 horas)</i>	8:30 a 13:00 <i>(4.30 horas)</i>	3	



Horario (só venres)	8:30 a 13:00 (4:30 horas) <i>Dúas das traballadoras veñen de 8:00 a 12:30, o resto no horario indicado arriba</i>	16:00 a 19:00 (3 horas)	14	7:30 horas
	16:00 a 19:00 (3 horas)	8:30 a 13:00 (4:30 horas)	3	
TOTAL HORAS SEMANAIS POR TRABALLADOR/A				37:30 horas

Tarefas de obrigada realización para a xornada de mañá (14 limpadores/as):

- *Limpeza habitacións e baños de uso compartido vinculados a estas, incluíndo tanto a reposición do xabón e dos panos de papel dos dispensadores como o baleirado das papeleiras.*
- *Limpeza do chan dos corredores das residencias e das zonas comúns.*
- *Limpeza/desinfección dos baños de uso común dúas veces, a primeira e a última hora da mañá.*
- *Limpeza e reposición de líquido dos felpudos desinfectantes das entradas.*
- *Limpeza dos pasamáns, manillas de portas e elementos do mobiliario de zonas comúns, biblioteca, salas de estudo ou outras dependencias que poidan ser tocados frecuentemente por residentes e persoal.*
- *Limpeza da sala de conserxería.*
- *Limpeza dos despachos de titorías.*
- *Limpeza dos despachos de directivos usados na quenda de tarde.*
- *Limpeza da consulta médica, con especial atención ás cadeiras e á padiola.*
- *Limpeza dos cuartos de enfermaría. No caso de ter sido usados, realizarase trala súa ventilación e repoñerase a bolsa de plástico para a roupa de cama.*
- *Limpeza da sala de ximnasio tralas quendas de uso establecidas.*
- *Ademais, reforzarase a limpeza naqueles espazos que o precisen en función da intensidade e frecuencia do seu uso, como poden ser salas de reunións, cuartos de enfermaría ou sala de ximnasio; segundo as indicacións do equipo directivo e/ou do médico do centro.*

Tarefas de obrigada realización para a xornada de tarde (3 limpadores/as):

- *Limpeza/desinfección dos baños de uso común a primeira e a última hora da tarde.*
- *Limpeza e reposición de líquido dos felpudos desinfectantes das entradas.*
- *Limpeza dos pasamáns, manillas de portas e elementos do mobiliario de zonas comúns (incluíndo escaleiras das residencias), biblioteca, salas de estudo ou outras dependencias que poidan ser tocados frecuentemente por residentes e persoal.*
- *Limpeza dos despachos de directivos usados na queda de mañá.*
- *Limpeza da consulta médica, con especial atención ás cadeiras e á padiola.*
- *Limpeza dos cuartos de enfermaría que fosen utilizados dende a mañá, trala súa ventilación, e reposición da bolsa de plástico para a roupa de cama.*
- *Limpeza da sala de ximnasio tralas quendas de uso establecidas.*
- *Ademais, reforzarase a limpeza naqueles espazos que o precisen en función da intensidade e frecuencia do seu uso, como poden ser salas de reunións, cuartos de enfermaría ou sala de ximnasio; segundo as indicacións do equipo directivo e/ou do médico do centro.*
- *Martes e venres revisión e baleirado das papeleiras exteriores do CRD de Ourense.*



Realizarase **ventilación** diaria de xeito natural de todas as instalacións, procurando un equilibrio entre a correcta ventilación e o mantemento dunha temperatura mínima para o uso dos espazos. Cando se faga uso dunha dependencia pechada **ventilarase alomenos durante 15 minutos antes e, especialmente, despois do seu uso, incluídos os cambios de quenda no caso de estancias de uso compartido, sendo responsables de realizala os traballadores que fagan uso da mesma. De ser posible, realizarase tamén ventilación das estancias durante o seu uso cando permanezan na mesma varias persoas.** Non se poderá facer uso da función de recirculación do aire interior, mais si poderán usarse dispositivos de purificación de aire debidamente certificados e mantidos, especialmente naqueles espazos que contén con posibilidades de ventilación natural deficientes. Na medida do posible, o centro contará con capnógrafos (equipos medidores de CO2) nas zonas comúns máis concorridas, de uso prolongado e/ou peor ventiladas (como poden ser o comedor ou a biblioteca); que permitan valorar a necesidade de ventilación e, en complementación dos mesmos, poderá instalar dispositivos de apertura motorizada de ventás que permitan a ventilación automática segundo o nivel de calidade do aire da estancia. **Os cuartos ventilaranse antes da súa limpeza, durante 15 minutos, debendo deixar as ventás abertas as persoas residentes cando abandonen o cuarto pola mañá e será o persoal de limpeza quen as peche. As galerías das residencias ventilaranse entre 15 e 30 minutos a primeira e última hora da mañá.**

No tocante ao **cambio de roupa de cama**, levado a cabo por persoal laboral propio do centro, realizarase coa frecuencia habitual por ser un material de uso exclusivamente individual. Non obstante, o persoal de lavandería deberá extremar as debidas precaucións na manipulación da roupa de cama usada (evitar sacudidas, non pegala ao corpo, reforzar hixiene de mans...) e desinfectaranse os carros despois de cada uso. Ademais, adiarase na medida do posible a manipulación da roupa de cama dende a súa recollida. Só se permitirá a utilización por parte das persoas residentes de roupa de cama propia do CRD.

5.2 Limpeza e hixiene no comedor.

A empresa concesionaria conta cun protocolo propio de hixiene, limpeza e desinfección seguindo as indicacións das autoridades sanitarias (anexo V).

Actualmente o cadro de persoal que presta o servizo por parte da empresa adjudicataria é de 7 persoas con distintas categorías profesionais.

Realizarase limpeza e ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda de uso na cocíña e no comedor, polo que de xeito xeral se realizarán **tres ventilacións e limpeza completas (tralo almuerzo, a comida e a cea) agás os luns, nos que será preciso realizar unhas cuartas ventilación e limpeza engadidas** no comedor trala comida dos alumnos do IES Universidade Laboral que terá lugar de 13:00 horas a 13:45 horas. Nesta limpeza engadida, ao rematar a primeira quenda e antes da entrada dos usuarios da seguinte, limparanse obrigatoriamente as superficies das mesas e as cadeiras que estiveran en contacto cos comensais.

O persoal que traballa nesta área utilizará o equipo de protección individual adecuado ao seu posto de traballo e respectará as demais medidas xerais de hixiene e prevención, realizando sempre antes de comezar cada servizo a desinfección xeral das superficies de traballo e ao rematar a xornada a desinfección das ferramenta e as superficies cos produtos recomendados.

Na limpeza do comedor prestarase especial atención á limpeza de utensilios ou equipos de uso compartido. **Recoméndase tamén realizar, na medida do posible, ventilación durante cada quenda de uso.**



5.3 Limpeza de espazos de illamento e cuartos de casos sospeitosos ou confirmados.

A información do procedemento protocolario deste apartado atópase ampliada no **Plan de Continxencia (Anexo III)**, que debe ser lido e asimilado por completo para un correcto entendemento e aplicación.

5.4 Xestión de residuos.

Recoméndase que os panos desbotables empregados no lavado de mans e na etiqueta respiratoria así como outro material de hixiene persoal (máscaras desbotables, luvas...) se desboten nalgunha das 60 papeleiras con bolsa, tapa e pedal que están repartidas polo centro. Estas bolsas depositaranse no lixo clasificado como "resto".

A información do procedemento protocolario deste apartado no referente aos **residuos xerados por persoas consideradas casos sospeitosos ou confirmados** atópase ampliada no **Plan de Continxencia (Anexo III)**, que debe ser lido e asimilado por completo para un correcto entendemento e aplicación.

6 - XESTIÓN DOS CASOS

A **información do procedemento protocolario deste apartado atópase ampliada no Plan de Continxencia (Anexo III)**, que debe ser lido e asimilado por completo para un correcto entendemento e aplicación.

6.1 Detección de síntomas. (ampliada no Anexo III)

Tanto as persoas traballadoras no centro como as persoas residentes e colaboradoras bolsseiras deberán realizar ao comezo de cada día no seu domicilio ou no seu cuarto a autoenquisa de síntomas compatibles coa Covid-19 (Anexo I), para o cal deben contar co seu propio termómetro de uso individual. No caso das persoas traballadoras que acudan ao centro en quenda de traballo diferente ao de mañá deberán realizala xusto antes de acudir ao centro.

De ser o resultado da autoenquisa negativo non precisa ser comunicado. Ante a aparición de síntomas compatibles coa infección por Covid-19 (polo menos un) a persoa deberá comunicarllo ao médico do equipo COVID do centro residencial. Igualmente, de percatarse ao longo do día da aparición de sintomatoloxía compatible, deberá inmediatamente extremar as medidas de prevención e comunicalo ao médico do equipo COVID do centro residencial.

De forma adicional, a dirección do centro poderá establecer, se o considera oportuno e baixo o asesoramento do equipo COVID, mecanismos adicionais de detección de síntomas como o control de temperatura xeral ou aleatorio á entrada no centro. De establecerse, estas medidas non substituirán en ningún caso á autoenquisa diaria.

6.2 Xestión de casos sospeitosos (sintomáticos) (ampliada no Anexo III)

Todas as persoas vinculadas ao centro, atópense ou non nel, que presenten síntomas compatibles coa Covid-19 deberán usar de maneira inmediata máscara, preferentemente cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica), e extremar medidas de prevención. De maneira xeral, poderán acudir ou permanecer no centro se a súa situación de saúde o permite e comunicarán a situación ao equipo COVID o antes posible.

No caso das persoas residentes deberá realizarse sempre valoración do seu caso polo médico do centro, que poderá indicar segundo o seu criterio a realización de test antixénico e/ou que permanezan nos seus domicilios ata a desaparición/melloría dos síntomas.

6.3 Xestión de casos positivos confirmados ou por autotest (ampliada no Anexo III)

Todas as persoas vinculadas ao centro, atópense ou non nel, deberán comunicar o antes posible ao equipo COVID se resultan positivas para Covid-19 e poderán acudir ou permanecer no centro se a súa situación de saúde o permite. Deberán usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica) e extremar medidas de prevención.

No caso das persoas residentes deberá realizarse sempre valoración do seu caso polo médico do centro e deberán en todo momento extremar as medidas de prevención, incluída a pernocta e realización das comidas nos cuartos de illamento, non podendo manter interacción social con outros residentes sen máscara, aínda que se mantivese distancia interpersonal de seguridade, nin facer uso daquelas zonas de uso común que así se dispoña.

6.4 Xestión de contactos estreitos cun caso positivo (ampliada no Anexo III)

Todas as persoas vinculadas ao centro, atópense ou non nel, deberán comunicar ao equipo COVID o antes posible se mantiveron contacto cunha persoa que resultase positiva para Covid-19. Poderán acudir ou permanecer centro pero deberán usar máscara, preferentemente cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica), e extremar medidas de prevención.

No caso das persoas residentes non poderán manter interacción social con outros residentes fóra do grupo de convivencia estable sen máscara, aínda que se mantivese distancia interpersonal de seguridade. Deberán realizar estreita vixilancia da aparición de síntomas compatibles coa Covid-19.

6.5 Rastrexo e notificación de casos positivos no ámbito educativo.

A) Colaboración individual da comunidade do CRD

Recoméndase o uso das aplicacións móbiles **RadarCovid** e **PassCovid** (oficiais, gratuítas e seguras, sen recollida de datos nin xeolocalización, tan só requiren de manter acendido o bluetooth) que permiten un rastrexo automático no caso de resultar positivo por SARSCov-2.

B) Colaboración do equipo COVID do centro

Mediante o **aplicativo web EduCovid da Consellería de Educación o equipo COVID** do centro recopilará e comunicará ás autoridades sanitarias e educativas todos os casos positivos no ámbito educativo. Recopilarase pero non se comunicará a información relativa aos contacto estreitos.

6.6 Xestión de gromos.

Corresponderá ás autoridades sanitarias e educativas, en función do número de casos e da súa vinculación, determinar medidas de illamento máis amplas ou o peche parcial ou total do centro. Do mesmo xeito, de ser o caso, serán tamén as encargadas de determinar de que maneira e en que ritmo se levará a cabo a reapertura e recuperación da actividade do centro. Será o equipo COVID, preferentemente o director do centro, quen comunicará ás persoas residentes e ás súas familias estas situacións extraordinarias.



7 - PLAN DE FORMACIÓN ESPECÍFICO

Previamente ao comezo do curso facilitouse a todo o persoal do centro diversa información e pautas de comportamento, así como as actualizacións normativas que afectan á vida diaria do centro.

Co comezo do curso publicárase na Web do centro e facilitarase ás persoas residentes e colaboradoras bolseiras, ademais de aos traballadores, este protocolo así como outras recopilacións de información e infografías a modo de resumo e recordatorio sobre a Covid-19 que dende o equipo COVID se consideren axeitadas.

Os cambios realizados durante o curso neste protocolo e nos documentos anexos serán debidamente comunicados a toda a comunidade do centro, ademais de publicados na web do mesmo.

Ademais, existe espallada polo centro numerosa sinalización e cartelería coas medidas máis importantes que se deben manter de cotío (hixiene respiratoria e de mans, distancia de seguridade, aforos...)

Na medida do posible realizaranse sesións informativas e/ou campañas telemáticas que fomenten e manteñan a concienciación sobre os riscos da situación actual e a importancia das medidas de seguridade persoal e colectiva, comezando pola comunicación de síntomas compatibles ou contactos de risco con persoas afectadas ao equipo COVID do centro. Estas actividades serán de asistencia obrigatoria ao igual que a lectura da información recibida dende o CRD de Ourense.

O non coñecemento deste protocolo así como dos cambios no mesmo non exime do seu cumprimento.

D) OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DAS PERSOAS RESIDENTES E COLABORADORAS BOLSEIRAS

1. No momento de incorporarse ao centro residencial deberán presentar cuberto e asinado o anexo II "*Declaración responsable sobre coñecemento do Protocolo COVID do CRD de Ourense, ausencia de risco coñecido de Covid-19 no momento da incorporación, enfermidade superada ou situación vacinal e datos de contacto*".
2. As persoas residentes e as colaboradoras bolseiras deberán efectuar diariamente a *Enquisa de autoavaliación clínica sobre a Covid-19* do Anexo I desta guía. Para facilitar a súa realización, deberán dispoñer do seu propio termómetro e o centro residencial docente porá a súa disposición na Web do centro un modelo descargable. Cando presenten polo menos un dos síntomas compatibles coa infección que aparecen na enquisa, deberán actuar segundo o indicado previamente neste protocolo e nos seus anexos.
3. Asistir a todas as sesións informativas sobre medidas de prevención e hixiene sobre a COVID-19 ás que sexan convocadas, ademais de ler atentamente toda información que se lle facilite por vía telemática ou que se expoña no centro.
4. Manter todas as medidas de seguridade, aínda que tivesen padecido a Covid-19 e adquirisen inmunidade fronte ao SARS-Cov-2.
5. Non xuntarse nas habitacións, agás as persoas residentes que as compartan.
6. Deixar recollidas e ventiladas as habitacións e os baños destas para facilitar a súa limpeza.
7. Restringir ao máximo as interaccións sociais con persoas externas ao grupo de convivencia estable e ao núcleo de convivencia familiar que poidan supoñer un contacto estreito. En todo caso, deberá ser consciente de con que persoas se mantén contacto estreito de risco coa fin de facilitar o rastreo de contactos e a trazabilidade en caso de posible contaxio. Así mesmo, deberán informar ao Equipo COVID do centro de calquera incidencia sobre contactos de risco relacionados coa Covid-19.
8. Responsabilidade.

De acordo co artigo 42 letras a), b) e d) do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG nun. 17, do 27 de xaneiro), terán a consideración de condutas contrarias á convivencia:

- *Non usar máscara nos espazos e circunstancias nos que sexa obrigatoria.*
- *Incumprir as demais obrigas desta guía ou do "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21", así como as medidas de aplicación que adopte o equipo COVID do centro.*

Estas condutas poderán ser corrixidas na forma prevista no artigo 43 do dito decreto, na medida en que sexan aplicables no ámbito do centro residencial, e corresponderalle ao equipo COVID valorar a conduta e a medida correctora.

Ademais, o incumprimento dos illamentos e corentenas así como a negativa a facilitar información sobre os contactos é sancionable segundo a Orde da Consellería de Sanidade do 29 de agosto de 2020.



E) ANEXOS

- I. Enquisa de autoavaliación clínica sobre a Covid-19.
- II. Declaración responsable sobre coñecemento do Protocolo COVID do CRD de Ourense, ausencia de risco coñecido de Covid-19 no momento da incorporación, enfermidade superada ou situación vacinal e datos de contacto.
- III. Plan de continxencia para o curso 21-22 do CRD de Ourense
- IV. Protocolo da empresa concesionaria de limpeza..
- V. Protocolo da empresa concesionaria de comedor.
- VI. Distribución de residentes no comedor escolar. Plano do mesmo.
- VII. Listado de residentes por habitacións e postos fixos no comedor no CRD de Ourense.
- VIII. Declaración responsable de coñecemento das medidas de prevención a aplicar por ser caso confirmado/sospeitoso de Covid-19.
- IX. Declaración responsable para a reincorporación ao centro logo dunha ausencia por contaxio, contacto ou sintomatoloxía compatible coa Covid-19.

Ourense, 20 de abril de 2022

O Equipo COVID do CRD de Ourense.

O director: Francisco Javier García Gómez

O médico: Alberto Fernández Martínez

A Xefa de Residencias: Maria Eugenia Basanta Leitón.